BarbantiaRte III

ARTE BARBANTIA III

Abso | Alfonso Costa | Ana Cambeiro | Andrés Rial | Annabel Lee
Antonio Pérez | Antoñeta Castro | Arteguiglo | Aurora Lestón | Beatriz Martínez
Canelas | Che Tembra | Clara F. Mantín | Cristina Carou | Darío Santarelli
Delio Sánchez | Elia Núñez | Emilio Mariño | Encarna Méndez
Ester Rincón-Benzalá | Francisco Calo | Inéz Parada | Isabel Soler Rivas
Javier Sande | Jontxu Argibay | José Andrés Gude Teira | José Antonio Lojo
José Caamaño | José Fontaíña | José Mª Lojo Vizcaya | Josias Figueirido | La Pelu
Laura Vilasó | Luís F. Polo | Manolo Blanco | Manuel Ayaso | Manuel del Río
Manuel Rodríguez Varela | Manuel Teira | Maralla | María José Puente Vázquez
María Magán | Mecky Maceiras | Mónica Rivas | Nacho C. Beiro | Neru Herreros
Óscar Bonigno Santa Cruz | Paco Casal | Paola García | Pedro Vidal Gude
Petro Álvarez | Pilar Ageitos | Pili Sampedro | Pío Costa | Pitusa Rivas | Pol Cobas
Rebeca López | Rosana Calvo | Sandra González | Santiago Gabán | Sara Willisch
Segundo Oviedo | Sofía Regueira | Soledad Peralta | Stella Zanoni | Toño Vila
Veiras Manteiga | Verónica Leis | Virginia Pouso | Xan Santos | Xerardo Crusat
Xoán Fernández | Olegario Sampedro | María Regueira | Aldara Ventoso García

BarbantiaRte

Descúbrenos, atoparás cousas marabillosas

SAÚDA DO PRESIDENTE DO PADROADO DA FUNDACIÓN MUSEO DE ARTES

Como presidente do padroado da Fundación Museo de Artes constitúe para min un auténtico orgullo observar como o Museo do Gravado se vai gañando a confianza de máis e máis artistas da comarca, que se serven das nosas instalacións para divulgar a súa obra.

Unha vez máis, teño que agradecer profundamente á Asociación Cultural Barbantia a súa implicación organizando esta nova exposición colectiva: a terceira en menos dun ano e medio, demostrando que na nosa bisbarra hai un torrente creativo que non cesa de fluír.

Nesta ocasión, serán 75 os artistas que concorrerán en BarbantiaRte para amosarnos as súas obras nas máis heteroxéneas especialidades: dende a pintura e a escultura ata a fotografía e o audiovisual.

Quixera convidar a todos aqueles que teñen este catálogo nas súas mans a que non deixen de acudir ao Museo do Gravado de Artes para mergullarse de cheo nesta mostra, pero tamén para animalos a que visiten esta casa no resto do ano, pois de seguro que gozarán da ampla oferta expositiva que aquí temos.

Manuel Ruíz Rivas
Presidente da Fundación Museo de Artes
Alcalde de Riveira

BARBANTIARTE III

A colaboración da Asociación Cultural Barbantia e o Museo do Gravado á Estampa Dixital de Artes trae de novo á contemplación e ao gozo de todos esta magna exposición, onde máis de setenta artistas nos ofrecen para o debate, para a ledicia, para o pensamento crítico e lúdico, as súas creacións. Unha exposición que volve lembrarnos o que xa sabíamos, que a nosa bisbarra é, dende sempre, unha terra chea de pulo creador, pero tamén de espírito fraternal, reunindo os consagrados e os novos, xuntos para lograr crear unha illa de liberdade no Barbanza. Dúas salas en Artes para nós e para todos: pintura e escultura, esmalte e gravado, fotografía e vídeo-instalacións... Unha illa de arte, unha apertura ao derradeiro espazo do *"sagrado"* nesta sociedade de mercado. Conxugamos aquí, en BarbantiaRte, distintos verbos, pero nunha lingua común e libertaria, narramos unha serie de capítulos diferentes que o espectador unirá no seu mirar para recoñecerse. Unha festa para verificar, sufrir ou gozar o que só a arte pode xa hoxe expresar. O demais é conxuntural. Desorientádevos, abraiádevos, anoxádevos, ride, todo menos o xuízo pechado, a arte é gozo, pero tamén xogo, xogo do espírito. A arte é para todos, chegan as regras de sensibilidade e sobran as dos prexuízos.

O Museo de Artes e a A. C. Barbantia abren de novo unha xanela para un mundo novo.

Xesús Román Laíño Briones-Arén
Asociación Cultural Barbantia
Presidente

(...) hai que aprender a xulgar unha sociedade polos seus ruídos, pola súa arte e polas súas festas, máis ca polas súas estatísticas.

(Jacques Attali)

Celebramos hoxe a terceira efeméride artística ***BarbantiaRte* 2014** cunha grande exposición, ricaz e variada, que nos interpela sensorial e intelectualmente como cidadáns. Vivimos os inicios do século XXI, un territorio de indefinición posmoderna e de relativismos posindustriais, orfos de grandes relatos lexitimadores, que certifican un novo paradigma cultural onde a "Verdade" queda reducida a unha multiplicidade verosímil de propostas que, por heteroxéneas, serán fiel reflexo do estado da cuestión no mundo da plástica.

A crise da ideoloxía do progreso e da innovación multiplica os saberes e as linguaxes que van favorecer un pluralismo radical pródigo en códigos expresivos, soportes, materiais e procedementos técnicos. E se a arte non pode aspirar a transformar a vida, sempre lle queda a repetición, a reinterpretación das vellas formas como a única novidade posible, sen máis compromiso que a súa autorreferencialidade, sobre todo a partir dos anos oitenta en que entramos, propiamente, parece, no período poshistórico ou posmodernista.

Dende o Maio do 68, asistimos a unha redefinición da estética capaz de acoller a enxurrada de movementos e novos estilos que irrompen, e que non tiñan cabida na estética greenbergiá, entendida como pracer e beleza formal. Dende o *Brillo Box* de Andy Warhol, "calquera cousa pode ser arte", o que nos obriga a repensar filosoficamente a súa natureza: *non se algo é ou non arte, senón por que ese algo é arte*. Para Danto, trátase da "fin da arte" formalista, por canto "a beleza, para a arte, é unha opción, non unha condición necesaria". Este intre inaugura un mundo novo para a experiencia estética, que vai botar luz sobre a pop art, a minimal art, a povera, a nova escultura, a conceptual, a instalación, a performance, a vídeo arte, as accións, a arte feminista, a land art, a net art.... Movementos que oscilan entre o esteticismo e a denuncia social, e mesmo política.

A **Asociación Cultural Barbantia** inaugura esta exposición colectiva en colaboración co **Museo do Gravado de Artes**, "institución permanente, sen fins de lucro, ao servizo da sociedade e aberta ao público, que adquire, conserva, estuda, expón e difunde o

patrimonio material e inmaterial da humanidade con fins de estudo, educación e recreo" (ICOM). Finalidades, pois, contemplativas, informativas e didácticas, que se cumpren con creces ao apoiar o desenvolvemento endóxeno da comunidade artística barbanzá, fértil en artistas pero inda escasa de establecementos públicos que presten voz e visibilidade ás lexítimas aspiracións da súa creación cultural.

Algo que nos asalta a ollada nesta mostra colectiva é o seu entronque co presente das artes. Os exemplos, aquí expostos, de pintura, escultura, gravado, fotografía, vídeo instalación, arte popular, ou esmalte así o subliñan. Son a obra de artistas emerxentes e consagrados que nos regalan a excitante ocasión de achegarnos, un ano máis, a formas diversas de creación caracterizadas polo seu eclecticismo, a mestura de estilos, a repetición e deconstrución, con obras figurativas máis ou menos iconográficas e abstractas con influencias que van de Van Gogh á abstracción xeométrica, de Francis Bacon a Banksy, pasando por Lucio Fontana, de Picasso a Pollock, de Monet a internet, do naïf ao surrealismo, de Rodin á escultura cinética, todo interpretado con persoal e subxectiva eficacia. Variedade estilística e conceptual, prolífico mosaico de texturas e contrastes cromáticos, de técnicas, xéneros e subxéneros, nunha diversidade de motivacións e peculiaridades, reflexo da sociedade que as xera e inclúe. Unha reivindicación da arte como institución e, nalgún caso, como denuncia.

Non busquemos coherencia e aglutinación formal ou estilística pois que nos movemos en tempos de hibridación e fragmentación dos discursos ideolóxicos e estéticos. Vivimos instantes de longo "*nomadismo*", de puro "*adhocismo*", onde o pasado volve ser *trans-* ou *neo-* (vangarda, -manierismo, -expresionismo, -modernismo, -figuración...), sorte de eterno retorno dos soños da memoria que vén de Altamira e bosquexa o futuro.

É un feito xeralmente recoñecido que entender a pintura (a arte) *a través das palabras supón unha enorme dificultade; os moitos volumes sobre o asunto así o testemuñan... Estou convencido de que as propias pinturas encarnan o proceso e o camiño polo que se logran*. Invocación directa que Roy Lichtenstein lle lanza ao/á espectador/a, como parte e vector integrante da obra. Miren pois, imaxinen, percorran, contemplen, toquen, lean e, incluso, rexeiten mirar (que é tamén unha forma –crítica– de participar). E, sen contemplación, admiren!

OBRAS

Abso

Composición triangular

Papel analóxico, varitado, prata-bromuro.
Virador Tiocarbamina, pintado a man
con acuarelas e pigmentos fotográficos.
29 x 20 cm
1979

Abelardo Soler Torrente
Móbil: 685 535 581

Alfonso Costa

Ébano

Acrílico /tea
54 x 46 cm
2000

Sen sentido ese
mar sumerso consciencia dun escuro
instinto alí a afluencia a dispersión da súa
imaxe sen historia mans
desaboradas buscan algún vento novo
acaricia os labios

Eva Veiga

Email: alfonsocostabe@yahoo.es



Ana Cambeiro

Enter

Gravado
73 x 85 cm
2011
Natural de Ézaro, trasládase a vivir a Noia en 1994. Iníciase no gravado co pintor e gravador Alfonso Costa. Dende 1995 vén participando en diversos premios e exposicións tanto nacionais como internacionais.

Email: cambeiro24@gmail.com

Andrés Rial

As luces da cidade

Branco e negro en impresión mate.
40 x 60 sobre marco 50 x 70 cm
2014

"É esa sensación de premer o botón a que fai disto algo aditivo.
Poder expresar a través do obxectivo unha historia, un momento, un sorriso....
Cada disparo pode ser un conto cun guión distinto."

Email: andres_perez_rial@hotmail.com

Annabel Lee

Montaña de sal

Díptico fotografía en papel mate.
50 x 33 cm/ud.
2014

Email: isabelregolijo@yahoo.es

Antonio Pérez

Xentes do mar
Patacas asadas

Óleo
130 x 87 cm
2005

Antonio Pérez naceu en Ribeira en 1952, de familia mariñeira. É capitán de Pesca, e o mar é presenza constante na súa obra. De raíz expresionista, con esteos na tradición de Pesqueira e de Maside, a identidade galega, as nosas xentes, os temas eternos da terra son parte consubstancial da súa pintura. Os traballos e os días dende unha pintura que evolucionou da forza dos ocres a un gran dominio da cor, cun sentido moi volumétrico das figuras e grandes acertos compositivos.

Tlf.: 981 873 797
Móbil: 679 071 060

Antoñeta Castro

Sen título

Retrato ao carbón
21,5 x 14,2 cm
2009

Tlf.: 981 820 171
Móbil: 687 667 196

Arteguiglo

ARTEGUIGLO é un Binomio Creativo formado por Guille de la Paz e Gloria López.

Guille de la Paz

O faro

Acrílico sobre lenzo montado en bastidor
100 x 81 cm enmarcado con listón.
2010

Email: arteguiglo@outlook.com
Web: www.arteguiglo.com
Email: guilledelapaz@yahoo.es

Pintar en paz
É un proceso transcendente e inherente ao oficio de pintor, expoñerse. En primeiro lugar, por contrastar a propia realidade coa dos espectadores que observan; e en segundo termo, como acto consecuente e tenaz, por aguzar oídos á opinión profesional, á dos colegas de oficios e á da crítica impersoal.
Atopámonos ante un caso peculiar nesta exposición: dous pintores e dous estilos propios, dous artistas de diferente sexo que ademais son parella, e incluso máis e, no seu caso, mellor, posto que o seu recíproco amor e respecto esténdese a unha complicidade nas súas inquietudes artísticas e o seu tempo de lecer,

Gloria López

Troula

Óleo sobre papel
50 x 70 cm. (montado sobre passpartú de cor negra e marco)
2012

Email: gloria_l_paz@yahoo.es

un compartir incondicional. Existe, si, unha diversidade única en cada un deles e unhas diferenzas marcadas entre ambos, e non obstante, conxúganse os respectivos espazos interiores plasmados en lenzos independentes, cal así mesmo se amosan unidos con simultaneidade e coincidencia os dou feitos ou accións: dous fermosos cadros que nos falan dos seus autores ao tempo que o fan da súa exemplar relación: xenerosa incógnita. Véselles, é unha viaxe pracenteira e libre en compañía. Dedícolle a mesma intensidade ás horas de Troula de Gloria que O Faro de Guille de la Paz nos recordos dos días. Son –un co outro- os instantes e os seus detalles os motivos das súas pinturas. Son estes dous cadros escenas da Vida, e tamén das súas vidas, aquilo que sucedeu nun entrañable paseo guiado por un faro invisible, agás para eles dous. Co meu cariño.

Jorge Quiroga

Aurora Lestón

Sen título

Acuarela e tinta india
28 x 21 cm

Unha das primeiras obras de Mª Aurora Lestón Mayo (A Formilla, Esteiro, Muros), e pola que sente especial agarimo, xa que supuxo, entre outras cousas, a súa primeira incursión no eido da experimentación con distintos materiais e técnicas. O feito de que fose feita durante unha época especialmente feliz da súa vida pode ou non ter relación con este vínculo afectivo.

A obra *Sen título* supuxo un salto adiante no desenvolvemento técnico da autora. Ademais da aplicación de novas técnicas, nela explora conceptos como a profundidade e o xogo entre a economía e o barroquismo do trazo, sempre coa natureza como inspiración temática. As obras desta época son paisaxes case irreais na súa sinxeleza e procuran a identificación do espectador con elementos que poidan evocar case calquera lugar do mundo.

Email: auroraleston@yahoo.com

Beatriz Martínez del Campo y Ricoy

O Peirao- Ribeira 2014

Fotografía en metacrilato
120 x 80 cm

Fotografía procedente da exposición Un camiño de ida e volta, que trata da mirada persoal da autora sobre Ribeira, e nela da desolación do inverno, a humidade do clima, e a tristura destes meses, o abandono… "Fai frío, e as redes lémbrannos que seguimos unidos ao mar, neste peirao…" Esta é a frase adxudicada a esta fotografía na cartela da exposición.
Beatriz Martínez del Campo y Ricoy nace en Madrid en 1961. Pintora e fotógrafa, vive en Ribeira dende 1983.

Tlf.: 981 87 39 91
Móbil: 630 91 31 18
Email: desingartbmcr@hotmail.com
https://www.facebook.com/beatriz.martinezdelcamporicoy
http://beatrizmartinezdelcamporicoy.jimdo.com/
https://www.behance.net/Beamcr

Canelas

Sen título

Video-instalación
Variables
2014

Ronsel de sucos sanguentos
rompendo o virgo da Terra.
Agromar miserento
de silencios mal contados.
Remanso de paz traidora,
enxendro (semente) de vitorias agardadas...

xmbarreiro

Email: josemanuel@p3cad.com
Móbil: 696 983 640



Che Tembra

Labordeta

Refugallo de ferro

"A obra de Che Tembra nace na forxa artesanal que manexa con precisión e oficio milenario (pensemos na escena do Canto XVIII da Ilíada na que Hefesto, o ferreiro dos deuses, labra para Aquiles o seu abraiante escudo). O ferro como chatarra e material de refugallo do que se apropia e reutiliza unha vez tratado na zafra a golpe de músculo, calor e sabenza, e que vai conservar as pegadas e o son do martelo. Fragmentos de ferro, láminas, pranchas, barras e arame van conformando as obras. Medir, recortar, pregar, ensamblar, soldar, oxidar, limar...construír. Porque as súas esculturas non nacen da talla nin do modelado, senón dun proceso construtivo que se vai facendo de acordo cun proxecto ou esbozo previo, e que van gañando relevo e perspectiva".

Eme Cartea

Email: chetembrar@gmail.com

Clara F. Marín

Segadora

Óleo sobre tea
55 x 46 cm
2013

Nace en Barcelona. Reside en Lugo dende os sete anos coa súa familia e alí realiza os estudos de Maxisterio. Durante un tempo asiste ás aulas do pintor lucense Blas Lourés. En 1974 licénciase en Filoloxía Románica pola Universidade de Santiago de Compostela. Cursa estudos de esmalte e talla de madeira na escola Mestre Mateo de Artes en Santiago. Dende 1982, e durante varios anos, asiste ao obradoiro de arte dirixido polo pintor Quintana Martelo. Ten realizado numerosas exposicións colectivas e individuais a nivel nacional e internacional, e a súa obra figura en colecções tanto privadas como institucionais dentro e fóra da Comunidade Galega.

Web: www.clarafmarin.com

Cristina Carou

Cores con vida

Acrílico sobre lenzo (lenzo sobre bastidor sen marco)
90 x 90 cm
2014

A miña traxectoria é eminentemente práctica, o camiño faise andando. Pasos adiante, e algún atrás, pero dos que sempre se aprende. Constante busca e intento de perfeccionamento avanzando paseniño e observando que, a medida que aprendo, é moito máis o que me queda por aprender. Cambio constante, incorformismo, curiosidade, investigación, estudo…

Email: cris.davinci@hotmail.com

Dario Santarelli

Mundo de tres

Oleo sobre lenzo e pincel
70m x 50 cm
Outubro 2014

Artista plástico uruguaio radicado en Ribeira. Ten amosado a súa obra en distintos centros culturais de Uruguai.

Móbil: 638 547 048
Email: jdarod@gmail.com
Web: www.redcamelot.com/santarelli
Facebook: arte.santarelli

Delio Sánchez

Broad Channel I

Óleo sobre lenzo
100 x 100 cm
2012

Afincado en Lestedo, pintor e escultor, combina a pintura, dentro dun estilo expresionista coa escultura en granitos galegos, e principalmente ferro. Autodidacta, iniciou a súa carreira profesional en Madrid. Cursa estudos superiores na Escola de Artes Mestre Mateo de Santiago, onde se titula como Técnico Superior en Artes Plásticas aplicadas á Escultura. Artista da terra, onde a natureza é fonte primordial de inspiración, pero tamén da grande urbe de New York. Nesta obra realizada no verán de 2012 en Jamaica Bay, Broad Channel, un barrio do sur da cidade de NY, situada entre Long Island e Queens, caracterizado por construcións de madeira sobre a bahía. Como curiosidade, apuntar que esta obra xunto con outras do artista foi recuperada das inundacións provocadas polo furacán Sandi, no outono daquel mesmo ano; de aí o seu evidente deterioro.

Email: artedelio@gmail.com

Elia Núñez Barez

Negro sobre dourado

Técnica mixta e pintura acrílica sobre lenzo
70 x 90 cm
2013

Sobre o presente, o aquí e o agora. Sobre a súa importancia. Sobre a importancia de subliñalo coma un regalo, coma un presente. É importante concentrarse neste momento, na súa cor, no seu valor. Esta pintura é un plano de cor, adornado coma se fose un regalo. Esta literalidade como sentido propio e exacto do que é e do que representa, un momento de cor para contemplar, sen máis.
Arquitecta pola UEM dende 2007 e Graduada en Belas Artes na Universidade de Vigo. Autoeditora de dous libros con fotografías e escritos propios. Participou en diversas exposicións nacionais e internacionais entre elas Parallaxes e Protest Art: a banner, en Londres.

Web: www.elianunezbarez.com

Emilio Mariño

O afinador de soños

Madeira
138 x 117 x 41 cm
2014

Soñar... esperto ou durmindo é voar libremente, pero necesitamos ese afinador que harmoniza os nosos soños converténdoos en doces e pracenteiros, ao igual que fai coas tonalidades nun instrumento. Escultor noiés, con ampla traxectoria tanto en madeira coma en ferro que busca continuamente novas fontes para expresar no espazo as súas ideas, dando como resultado obras cheas de musicalidade.
Foi alumno de Martín Chirino e Carlos León, realizou multitude de exposicións e participou en certames e feiras como Unión Fenosa, bienal Laxeiro, Díaz Pardo e Dearte en Madrid, entre outros. Foi galardoado co 2º premio no certame "Galeria de Burela".

Email: contacto@emiliomarino.com
Web: www.emiliomarino.com

Encarna Méndez

Sen título

Composición de gravado en augaforte

Encarna Méndez Hidalgo. Gravadora pertencente ao taller de gravado "Alfonso Costa" do Liceo de Noia. Asiste aos cursos de gravado todos os veráns impartidos por Alfonso Costa no Liceo de Noia e durante o resto do ano ao taller permanente de gravado do mesmo Liceo. A presente obra recibiu o Premio do xurado no curso de verán do presente ano 2014.

Email: enmehi@yahoo.es.

Ester Rincón-Benzalá Fernández

Tardes con Xiara

Óleo sobre lenzo
55 x 38 cm
2014

"A arte e a necesidade de compartir"

Email: esterrinconbenzala@gmail.com

Francisco Calo

Papeleira con cigarro

Acuarela
35 x 33,5 cm
2013

Goethe escribiu: *"O propósito e a finalidade de toda actividade literaria consiste en reproducir o mundo que me rodea como se fose o reflexo do meu mundo interior. Todo está revestido, relacionado, moldeado e construído du xeito persoal e orixinal".*
... E Edward Hooper di: *"Para min, esta definición é aplicable á pintura".*

Email: tojino@hotmail.com

Inés Parada Crujeiras

Sen título

Fotografía e PVC gravado
100 x 150 cm
2013

Inés Parada Crujeiras (13 de outubro de 1993, Santa Uxía de Ribeira) estuda 4º curso na Facultade de Belas Artes de Pontevedra.
Artista multidisciplinar, a súa produción céntrase na situación social da muller dende un punto de vista intimista.

Email: paradacrujeirasines@gmail.com

Isabel Soler Rivas

Sen Título

Collage
75 x 52 cm
2010

Os estereotipos que marcan as propagandas destinadas ás vendas masivas de produtos, imaxe ou servizos apelan á satisfacción dos nosos impulsos primarios, relativos á alimentación, á reprodución, e á necesidade de relación social e co contorno positivas; todos eles avocados á nosa pervivencia persoal e como especie. Xogan a recomendar determinados produtos, imaxes ou comportamentos baixo a promesa de que mellorarán a nosa "tediosa" existencia, disfrazándoos de implícitas, explícitas ou potenciais relacións sexuais. Levando a pantomima a límites inimaxinables, cruzan en moitas ocasións a fina liña que separa o esaxerado do irrisorio, e unha recreación un tanto grotesca e xocosa do que esconden moitas destas propagandas reflicte esta obra.

Móbil: 635 317 266
Email: isasoler.77@hotmail.com



Javier Sande

Irene lendo

Óleo sobre lenzo
100 x 100 cm
Novembro 2012

Natural da parroquia de Santa María de Roo, pertencente ao concello de Noia. Estudou Belas Artes na Facultade de Salamanca.
Esta obra forma parte dunha pequena serie iniciada no outono de 2012. O fin que se persegue é o de traducir o movemento dun suxeito vivo, que realiza unha actividade determinada, ao lenzo. Neste caso a modelo lía un libro sentada nunha cadeira e cambiando de posición á súa vontade.
Busco plasmar aquilo que teño ante os meus ollos sen que o resultado sexa unha imaxe conxelada, senón axitada, más viva e real. Con todo a figura humana acaba deformada, pasando a converterse noutro ente distinto.

Email: javiersandepintura@gmail.com
Web: www.javiersande.es
https://www.facebook.com/javier.sande.3

Jontxu Argibay

Uxía con peixe

Fibra de vidro
209 x 106 x 30 cm
2014

"Uxía non pode existir sen o mar, vive do mar, ama o mar, respira do mar
Uxía é un ser puro, agarda, observa, e medita,
O seu amor é a súa forza, a súa forza é a súa alma,
E respira,
Quere, e sempre o intenta, ir máis aló, sucar as ondas e visitar o seu amado
Algún día voltará con él, pero aínda é cedo,
Débese aos seus, aos que respiran,
Pois ainda que o seu corazón está no fondo do mar,
A súa alma está na terra,
Co seu corpo,
E vive."

Email: jontxuargibay@gmail.com
http://pindrions.blogspot.com.es
https://www.facebook.com/jontxuargibayartista
Móbil: 646 031 995

José Andrés Gude Teira

A Deusa

Fibra de vidro.
83 x 9 x 18 cm
2013

José Andrés Gude Teira, nacido en Aguiño no 1973. Estudou escultura na Escola de Artes e Oficios Pablo Picasso da Coruña.

Web: gudeescultura.blogspot.com
Email: jgudeteira@gmail.com

José Antonio Lojo

O Noso Mar

Fotografía dixital con Cámara Samsung WB 600
50 x 37 cm
Palmeira 2013

Gústame moito o mar pero non os portos onde os barcos están prisioneiros. Sempre gocei do mar coa súa voz rouca e o seu olor salgado. Nunca poderei desairar o mar, fonte de vida e traballo, aínda que agora só me traía escuma. Declárolle o meu amor cos mellores dos meus sorrisos e o océano tomado da man invítame a disfutar del.

Exposición colectiva. Auditorio de Rianxo - Casa de cultura de Boiro - A Trastenda (Pobra do Caramiñal) - Casa de cultura de Porto Do Son. Charla de fotografía con diapositivas no Ateneo Valle-Inclán de Ribeira. Fundador da asociación Ollo de Peixe de fotografía - Santa Uxía de Ribeira. Curso de fotografía varios, de narrativa e socialización.

Jose Caamaño

Sweet cafeína

Escaiola, esmalte sintético brillante.
23 x 15 x 11 cm
2013

José Caamaño (Olveira, Ribeira, 1985). Escultor que reside e traballa en Ribeira. O seu traballo xira en torno á idea do popular e do cotián, aspectos que lle serven como punto de partida para reflexionar sobre a memoria colectiva nunha clave cercana ao Pop. A obra de Caamaño parte dun discurso próximo ao público, lonxe de elitismos, onde o espectador pasa a formar parte da obra no primeiro momento no que entra en contacto visual coa mesma. Series como "Cementerio", o como "Sweet cafeína" ofrecen unha visión que enxalza o obxecto, o descousifica para realzalo, sitúao dende a clave escultórica nun altar/peaña que permite un "ti a ti" co público, último receptor da mensaxe do artista, unha mensaxe sen dobreces, rotunda e real como a nosa cotidianeidade.

Web: www.josecaamano.tumblr.com
www.facebook.com/josecaamanosculpture
www.instagram.com/j.caamano
Móbil: 697 664 912

José Fontaíña

You'll always be my # 1

Acrílico sobre lenzo
61 x 50 cm
2014

Nace en Ribeira o 13 de abril de 1961. Vive en EEUU dende o ano 1978. Graduouse na William Paterson University de New Jersey en 1985. Dende pequeno sempre lle gustou facer *jarabatos*.

Email: josefontaina.webs.com

José Mª Lojo Vizcaya

Obxecto imposible

Material de refugallo

2026

• Asteroide que ameaza a terra con colisionar na súa traxectoria.
• Proxecto español gañador para ensaio dun posible desvío.
• Aquí un palmeirán presenta o seu particular deseño, obxecto imposible. Quizais o único no mundo ata hoxe.

Josias Figueirido

A horta

Óleo sobre lenzo
71 x 91 cm
2013

Josias Figueirido naceu en Ribeira en 1983. Realizou estudos de Belas Artes na universidade London Metropolitan e un Posgrado de Debuxo no colexio The Prince's Drawing School en Londres finalizando no ano 2010. Dende entón o artista expuxo no Reino Unido e en España. Na actualidade reside en Estados Unidos.

Web: www.josiasfigueirido.com

La Pelu – Amparo Fernández

Inspiración

A través deste traballo exterioricei e plasmei algo que dende había moito tempo levaba dentro de min.
Con esta colección pretendo amosar os dispares tipos de beleza que poden soster á súa vez os diferentes estilos de muller cos que nos podemos atopar. A muller valiente, audaz, a reservada, a clásica, a casual, a informal, a sensible, a apaixonada… En verdade non creo que exista un único estereotipo de beleza. Creo que todos, desde o noso persoal estilo ou incluso modo de vida, podemos exteriorizar eses trazos de beleza que cada cal leva dentro de si ata alcanzar ese punto exacto no que podemos sentirnos reconfortados e a gusto con nós mesmos.

Créditos:
Peluquería_ Amparo Fernández
Maquillaxe_ Trini F. Silva
Estilista_ Esther Villazán e Laura Ruiz
Fotografía_ Rebeca Saray

Calle Comercio, 226 _ Cabo de Cruz - Boiro (A Coruña)
Tlf.: 981 847 392

Laura Vilasó

O río que vén do alto

Óleo sobre lenzo
49,5 x 49,5 cm
2013

Natural de Pobra do Caramiñal. Conta con estudos de deseño, modelado, esmaltes (Escola de Artes Mestre Mateo), cerámica, policromía, debuxo e pintura. Seguiu cursos de escultura en pedra, deseño de xoias e outros. É membro do Centro Internacional de Difusión del Arte del Esmalte (CIDAE), e do CICE de **Londres**. Ten participado en exposicións nacionais e internacionais.

Web: www.vilaso.net
Email: laura@vilaso.net
Tlf: 981 801 702
Móbil: 698 174 358

Luís F. Polo

Só se pretende amosar o traballo diario dos agricultores do mar

Fotografía tomada con técnica de luces altas
e procesado básico
40 x 60 montada sobre 50 x 70 cm
Agosto 2014

Fotoperiodista e colaborador de MUNDIARIO e da axencia de noticias NEUPIC. En 1982 iniciouse na fotografía ligado ao mundo do rally. Colaborou no semanario Andorra7 e en 1984 foi premio fotográfico da revista francesa L'Echapement del Rally de Montecarlo. Tamén colaborou con diversos medios en probas do Mundial de Rallyes. Realizou exposicións colectivas con membros da Federación Internacional de Arte Fotográfica en Francia, Dinamarca e España, e seguiu os festivais de jazz do Principado de Andorra, onde foi recoñecido con varios premios. En Andorra tamén colaborou coa revista da Casa de Galicia.
Afincado entre Santiago de Compostela e Castiñeiras.

Web: www.galiciadefoto.com
Mail: info@galiciadefoto.com
Móbil: 649 841 590

Manolo Blanco

Feira do libro en Santiago

Fotografía
70 x 51 cm

Manuel Blanco Rey, único fotógrafo premiado co Premio Galicia de Fotoxornalismo da Xunta en dúas ocasións. Traballou de xefe de fotografía en El Correo Gallego. Colaborou doce anos co xornal El País.

Manuel Ayaso

Cerimonia nos Milagros

Técnica mixta/punta de prata
36 x 38 cm
1972

Manuel Ayaso. Nado en Aguiño en 1934, formouse en Estados Unidos onde alcalzou gran prestixio, pois, tras dominar moi diferentes técnicas e estilos, conseguiu unha pintura persoal, intransferible, que amosa a forza do seu mundo onírico e a potencia do mundo tradicional e relixioso galego, cun expresionismo que ten a súa principal definición no debuxo e que crea unha obra única de grande forza lírica e persoal.

Email: ayaso.manuel@yahoo.com

Manuel del Río

Vita

Escultura. Resina poliéster
35 x 20 x 20 cm

Manuel del Rio, nace en Pobra do Caramiñal. Comeza a sua formación artística en 1992 no taller de Antonio Pérez, onde se inicia no mundo da pintura, e no ano 2005, na arte do gravado. No 2010 realiza un curso de escultura con Jontxu Argibai. Ten realizado exposicións individuais e colectivas nos distintos concellos do Barbanza.

Móbil: 630 065 215

Manuel Rodríguez Varela

Gaiteiros

Tintas e lapis
100 x 70 cm
2014

Este cadro forma parte da colección titulada "FRAXILIDADE" e nesta ocasión quedeime cunha imaxe de tres compoñentes do grupo de música "OS JALOCHOS" percorrendo as rúas o "DÍA DA CHUVIA" (2012).

Email: galihabitat@hotmail.com
Móbil: 669 872 317

Manuel Teira

Musa sobre fondo azul

Acrílico sobre papel
98 x 78 cm

Vinculado dende moi novo ás vangardas artísticas e a proxectos e organizacións culturais, Manuel Teira desenvolveu ininterrompidamente dende a década do 70 unha longa actividade cultural. Colaborou ao longo destes anos con diversos colectivos. Pintor, autor da homenaxe ao escritor Anxo Rei Ballesteros, escultor, cabe salientar, entre outras, a súa mostra de escultura na colectiva da galería Bomarzo cos pintores Alfonso Costa, Manuel Ayaso e J. M. Fontaíña. É destacábel a súa participación na mostra Iberoamericana cunha mostra dos seus murais en mármore, na Feira Internacional de Marbella (2009 e 2010), así como na Feira Internacional de Vigo, Puro Arte, ou no 25 aniversario do Instituto Barreras Puente. Autor dunha importante obra en mosaico, pedra e, ultimamente, mármore. Unha das súas últimas exposicións foi no Centro Español La Nacional de Manhattan (Nova York). Outros dos seus traballos, moi asociados á súa obra, son tamén as interpretacións das súas coñecidas performances.

Pastor Rodríguez

Mail: info@manuelteira.es
Móbil: 646 137 655

Maralla

Tempestade no Atlántico de Corrubedo

Óleo sobre lenzo
100 x 81 cm
Outubro 2014

O mar baleira os espazos de sentido e éncheos de incerteza. Ese é tamén o paradoxo da pintura, o paradoxo da arte: a verdade insondable que se percibe a través do parabrisas dun coche na treboada, a carón do faro Corrubedo. Recordo, nunha fermosísima exposición que Maralla fixera no Liceo Marítimo de Ribeira, a principios dos oitenta, esta mesma sensación. Era unha rompente, unha auga turquesa, desbocada, incógnita. Escuma contra penedo. Decontado percibín a idea que estaba por todas partes: coller o mar, aprehendelo, mergullarse na inconsistencia, selo, agarrarse á súa crina universal, ollarse nesa pálpebra de materia en estado de apariencia perpetua ou de verdade cambiante, deixarse enfeitizar polo feitizo dun imposible. Maralla, pintora do mar, bota o seu engado de cor e liñaza para buscar as súas luces, a súa plasticidade e as respostas que sabe que, quizais, non van chegar. O mar é un lenzo -dixo o poeta-, confina as cores do mundo. O lenzo de Maralla é un mar, unha forma devorada, unha pintura da pescuda ou unha pintura da pintura. Coller o mar, o seu cavorco azul, a súa paz ou a súa violencia. Coller o mar como se collería o lume. Xogo de equilibrios ou desequilibrios que é movemento perpetuo da vida. Aí a pintura de Maralla. Aí, se por mar poñernos busca, o tema de toda arte.

Antón Piñeiro

Web: http:/www.camaramar.com/spots/balieiros.html
fb: maralla pintora
Email: marallabalieiros@hotmail.com

Mª José Puente Vázquez

Outono

Acrílica sobre lenzo
120 x 60 cm

Natural de Boiro. De formación autodidacta, disfruta pintando ao aire libre. Pinta dende sempre, e leva transmitindo o que sabe a maior parte da súa vida, realizando cursos e talleres de pintura para nenos e adultos.

Email: mpuentevazquez@yahoo.es

María Magán

Sete infeccións atopadas

Punto de cruz sobre tea
82 x 74 cm
2009 - 2013

"Sete infeccións atopadas" é una peza que camiña sobre tres eixos: a imaxe dixitalizada, o bordado e a situación socio-económica do creador. Tras un estudo e análise de varios textos e fontes de información, chegamos a aproximarnos á situación económico-legal na que traballa o artista e que concluímos coas sentenzas que se contemplan na peza. A esta primeira idea únese o concepto de virus informático tan presente na nosa sociedade. A mensaxe na ventá de Windows é para nós unha ferramenta de comunicación entre o usuario e o sistema operativo, é dicir, o mundo. Deste xeito, formular estas sete infeccións coma se dun virus se tratase, é facer constancia de que existe un problema sobre o que debemos reflexionar, e decidir borrar o arquivo ou continuar coa operación. Por outra banda a forma de materializar a peza realízase mediante o punto de cruz. Un xeito de facelo é coa ecuación Pixel = punto de cruz ("píxel-art"). Establécese un diálogo entre a imaxe informatizada e a súa realización artesanal a través do procedemento.

Email: mmaganlampon@gmail.com
Web: mariamagan.blogspot.com

Mecky Maceiras

Sálvora

Fotografía. Nikkon D3100, modo manual, illa de Sálvora
82 x 51,01 cm
2014

Pretendo mostrar que as almas dos náufragos encontran o seu fogar na Illa de Sálvora.

Email: mecky@hotmail.es

Mónica Rivas García

Diana

Acrílico sobre lenzo
60 x 81 cm

Mónica Rivas García, pintora nacida en Boiro, licenciada en Belas Artes na Facultade de BBAA de Pontevedra.
No planeta imaxinario do simbolismo da obra de Mónica Rivas, cada quen, completa a mensaxe do percebido coa equipaxe das propias percepcións e experiencias vitais, intuicións tan diferentes como enriquecedoras .
O punto de partida da súa pintura, é sempre unha inxenua poesía que somete as figuras a metáforas visuais, e como resulta, a melodía dunha canción da que descoñecemos a letra. A interacción comeza cando o observador estimula esa resposta dende a súa individualidade interpretativa.
O cadro aquí referido, acende e apaga pinceladas que, sen ánimo de impactar, rodéanse da sinxeleza dunha lírica ilustrada e dos soños.
Obra recollida no seu Facebook . Perfil : Monica Rivas.
Obra na galería "Mundo Creativo", Rúa Principal , Boiro.
Catálogo publicado pola Xunta de Galicia. Ciclo de mostras itinerantes, " Ventás".

Nacho Costa Beiro

IBI

Acuarela
38 x 46cm
1991

Pintor noiés formado en Barcelona e en Berlín, de longa traxectoria artística, foi premiado por vez primeira xa en 1967. Dominio da cor, forza expresisva, lirismo profundo, caracterizan unha obra de gran calidade artística, que, na nosa comarca, está representada, sobre todo, pola bóveda do Coliseo Noela. É tamén gravador e escultor.

Web: http://nachocbeiro.blogspot.com
Email: nachocbeiro@hotmail.com

Neru Herreros

Vorör

Litografía sobre papel
34 x 25 cm
2014
Cursou Bacharelato Artístico e Belas Artes. Posteriormente fixo o Doutoramento na facultade de Belas Artes de Pontevedra, cunha tese de licenciatura arredor da arte e a natureza. A litografía co título "vorör" forma parte dunha edición que realizou na Fundación CIEC de Betanzos, dentro do mestrado de artes gráficas.

Web: http://neruherreros.carbonmade.com
Email: coleraneru@gmail.com
Móbil: 610 437 395

Óscar Bonigno

Estudo anatómico

Modelado en cemento e pátina.
58 x 20 x 20 cm
2013

Óscar Bonigno Santa Cruz é natural de Portosín (Porto do Son). Técnico Superior en Artes Plásticas e Deseño de Artes Aplicadas á Escultura.

Email: oscarbonigno@gmail.com
Móbil: 666 243 269

Paco Casal

Reflexos na praia do Vilar

Acrílico sobre táboa
100 x 120 cm

Pintor nacido en Ferrol en 1956 afincado en Aguiño, Ribeira. Comeza a pintar en 1985, estudando a obra do pintor Vázquez Doce. Tras pasar por diferentes talleres e estudos doutros pintores comenza a expoñer con regularidade compartindo a afección a pintar con outras ocupaciones laborais ata o ano 2010, ano no que pasa a dedicarse plenamente á pintura.
Os seus traballos, fundamentalmente paisaxes, céntranse na Galicia verde e fantástica complementada polas mariñas atlánticas das costas galegas.

Facebook, (Actividad artística) Paco Casal
Móbil: 681 086 147

Paola García Paz

Nun pequeno intre

Óleo sobre lenzo
81x 65 cm
2014

Nada en Santiago de Compostela en 1965, é licenciada en Belas Artes pola Universidade Complutense de Madrid (1988). Na actualidade desenvolve a súa actividade profesional en Boiro, no seu estudo de pintura onde tanto traballa na realización da súa obra como impartindo clases de debuxo e pintura.
A obra que forma parte desta exposición, Nun pequeno intre, pertence a última serie na que está a traballar, titulada "A única defensa que permitiu a liberdade". Serie que xa foi exposta en Salamanca neste ano e que, así mesmo, tamén poderá verse en Rianxo no mes de decembro.

Email: paolagp2009@gmail.com

Pedro Vidal Gude

12 bolis e unha chapa

Debuxo a boli bic sobre taboeiro fenólico de 8 mm rechapado en carballo
240 x 240 cm
2010

Representación dun detalle ornamental do Palacio da Pena (Sintra).

Email: pedradas.arte@gmail.com
Móbil: 699 07 97 56

Petro Álvarez

O poder

Acrílico sobre lenzo
150 x 50 cm
2014

Manuel Álvarez Fernández (Petro), nace o 8 de outubro de 1972 en Sinsheim, Heidelberg (Alemaña). Licenciado en Belas Artes pola facultade de Pontevedra (1993-1998). Actualmente é profesor de Debuxo en secundaria.

Email: petroalvarez72@gmail.com

Pilar Ageitos

Vaca

Técnica mixta sobre táboa.
123 x 90 cm
2000

"A experimentación co material é a constante da etapa de creación pictórica na que realicei este cadro. Grasos e magros interaccionan sobre si ata crear esta pel de vaca, que foi máis adiante e noutros cadros, pel de diferentes animais. A obsesión polas figuras animais, que debuxaba e pintaba con insistencia, creaban as matrices sobre as que aplicaba posteriormente os resultados da investigación coa materia pictórica."
Licenciada en Belas Artes pola Universidade de Salamanca, desenvolveu a súa obra principalmente dentro do campo da pintura, sendo galardoada e selecionada en diferentes certames.

Web: http://pilarageitosfuentes.wordpress.com
Youtube: https://www.youtube.com/user/pilarageitosfuentes
Email: ageitos.pilar@gmail.com

Pili Sampedro Lampón

Introspección

Técnica mixta
100 x 81 cm
2004

A través desta peza a autora realiza unha visión introspectiva do seu estado anímico. É un retrato interior no que priman como elementos fundamentais o trazo e a cor. Resalta unha liña ondulada, con reminiscencia da escritura automática, e unhas cores con tendencia a unha gama cálida.
Búscase unha visión harmónica que faga suscitar no espectador un retorno ao seu mundo máis persoal, onde a imaxe representada o leve a recordos que pensaba ter esquecidos.

Email: pili.sampedro.lampon@gmail.com

Pío Costa

Segovia

Acrílico
100 x 81 cm

Pío Costa Beiro. Noiés, nado en 1952, cunha longa traxectoria de exposicións individuais que comezou en 1980. É a súa unha pintura que conxuga a figuración coa forza lírica, cun gran sentido do movemento e da cor. Acadou importantes premios, entre eles, o Premio de Honra Sant Jordi 2000 e o Premio Ciutat de Sabadell do mesmo ano.

Móbil: 626 175 833

Pitusa Rivas

Ha chegar

Esmalte sobre cobre (800-900 GD.)
13 x 18 cm

Pitusa Rivas naceu na Pobra en outono de 1957, formouse na escola de Artes Mestre Mateo de Santiago de Compostela.
Utiliza técnicas de esmalte ao lume e xoiería. Ten realizado exposicións individuais e colectivas nas zonas de Santiago e Barbanza.

Móbil: 654 049 217

Pol Cobas

Croio

Fotografía b/n
100 x 100 cm
2014

Viaxan porque existen, existen pesos coma croios. Pesos pesados e pesos lixeiros.
Pequeno exército de partículas coa súa propia idea da gravidade, mobilidade e dimensión de materia que se empurran unhas a outras cara a direccións ilóxicas, compactas no seu perfecto caos.
Temerosas do mar e do vento.

Web: http://polcobas.wix.com/polcobas

Rebeca López

Chapapote III

Técnica mixta
42 x 36 cm
2014

Existe un sentimento de impotencia ante os problemas que non causamos nós mesmos, pero que nos afectan tanto no ánimo persoal, como no ámbito social. Ese familiar sentimento de "outra vez non", "non imos aprender nunca?", "cantas veces ten que repetirse para tomar medidas ao respecto?"
Coido que unha soa persoa non pode cambiar as cousas pero a conciencia social si, e a arte é un medio de expresión para chegar a todos os lados, non ten barreiras e é un idioma universal.

Móbil: 657 740 256

Rosana Calvo

En busca da luz

Pintura directa con técnica mixta en táboa
60 x 90 cm
2014

"Marca la diferencia… Piensa,
Que la luz ciegue tu conciencia
Que derrita las mentiras entre pinceladas de tinta…
Tu fuerza interior te llevará lejos
De todo este caos, de todo lo superfluo".

Email: rosscalvo14@gmail.com
Móbil: 646 623 275

Sandra González

Asfixia I

Gravado_monotipo
Papel 21,6 x 10 cm, mancha 15,1 x 10 cm
2014

Calor, ardor,
o sangue flúe e conflúe
polas veas baixo a pel
terror, pracer,
sentimentos opostos
acadan o ardor da asfixia
o medo do fin
o comezo do sinfín ...

Email: sangon.ds@gmail.com

Santiago Gabán Granizo

Sen título

Fotografía
40 x 30 cm
2012

Técnico superior en Artes Plásticas y Diseño en Grabado y Técnicas de Estampación pola Escola de Artes N.10 de Madrid.
Máster en Xilografía e Calcografía (I Máster sobre a Obra Contemporánea) da Fundación C.I.E.C. de Betanzos.
Ten participado en diferentes colectivas e exposicións.

Email: esegaban@yahoo.es
Móbil: 655 176 011

Sara Willisch

Baleira

Técnica mixta. Escaiola, tea, pelo, tintes…
45 x 30 x 3 cm
2014

A obra forma parte dunha crítica aos actuais estereotipos femininos. Baleiro, fraxilidade, sumisión… que representan unha muller que non expresa nada máis alá da súa feminidade. A presión social exercida dende a infancia. A inocencia e inxenuidade encubertas. As consecuencias de seguir un canon establecido. Deshumanización, frialdade, pérdida de identidade…

Email: sarawillisch@hotmail.com



Segundo Oviedo

Claustro do Concello

Augaforte, Augatinta e Punta seca
Papel 38,5 x 28,5 cm, Matrix 24 x 16 cm

Email: s.oviedo2@gmail.com

Sofía Regueira

Libélula

Óleo sobre lenzo
55 x 38 cm
Decembro 2013

Natural de Boiro. Graduada en Belas Artes pola Universidade de Vigo, 2014. Esta obra forma parte dunha colección que se continúa a xestar: "Inmortalización do efémero". Talvez porque a súa vida é tan curta, os insectos teñen sido "inmortalizados" por artistas de todas as épocas e culturas. Posiblemente, nun afán de outorgarlle perpetuidade a algún dos milleiros de instantes que compoñen unha vida tan efémera. Un deses instantes podería ser este que foi "capturado" e que, sen ningún atisbo de dúbida, é a única testemuña "viva" da súa fugaz existencia.

Web: www.sofiaregueira.com

Soledad Penalta

Misteriosas fontes restauran continuamente a beleza

Acerio inoxidable manuscrito
220 alto x 110 ancho x 60 cm profundidade
60 kilogramos

Móbiles, flexibles e polimórficas, as esculturas de Soledad Penalta son ovnis, fenómenos sorprendentes, obxectos totémicos, en busca dunha nova terra, que ocultan a súa orixe exacta. Instálanse tanto no chan como na parede, revelando os planos superiores e inferiores nunha multiplicidade de ángulos. As formas concretas xorden e proxéctanse nos planos vertical e horizontal, tamén causando ruído e movementos distintos. Materia e movemento son inestables por efecto do alento cósmico. A obra de Soledad Penalta vive, móvese, é o aire e a auga á vez. Esculturas como regatos de aceiro conxelados. Os seus brillos emerxen como unha transparencia inesperada. Establece o equilibrio entre o cheo e o baleiro, ata alcanzar un estado de graza situado xusto entre a forza e a fraxilidade. As súas obras participan nun diálogo sutil co medio ambiente e o espectador que pode moverse entre as curvas, esveltas e puras dos elementos en equilibrio.

Caroline Canault en CANOLINE CRITIKS "Les talents émergents de l'art contemporain"

Web: http://soledadpenalta.blogspot.com/
http://soledadpenalta.com/

Stella Zanoni

Un mundo de fantasía

Técnica Mixta
Outubro 2014

Baixo a lúa resplandecente e doces estrelas que forman o ceo... unha paisaxe... adornadas con globos de cores, flores de sandías, piruletas, xeados, casiña de chocolate... forman esta obra surrealista de soños e desexos ante o mundo real no que vivimos. Esta obra en formato infantil representa a beleza da natureza, inocentes e inofensivos seres que existen nela, todas elas creadas da man e do amor de Deus... A Paz, Felicidade e o Amor á vida reinan nesta obra agregando un toque de dozura á vida. É o que forman "UN MUNDO FANTÁSTICO"

Toño Vila

Naufraxio

Fotografía panorámica en branco e negro.
(Esta fotografía forma parte da exposición "Faros de Galicia")
Fotografía 74 x 30,5 cm, con marco: 87 x 47 cm
Febreiro 2014

Unha gabarra embarranca en Camariñas

Efe | A Coruña 14.01.2014 | 14:29

"A gabarra 'Prima', un cargueiro de 109 metros de eslora en lastre e que estaba en tránsito polo litoral da Costa da Morte, embarrancou esta mañá no cabo trece, en Camariñas, xunto á praia de Reira. A fortísima ondada do litoral, en alerta laranxa polo temporal con ondas de 4 a 5 metros, golpea a embarcación contra as rochas da costa nun operativo" por ocorrer pola noite e cunhas condicións meteorolóxicas adversas, informou salvamento marítimo a Efe. A gabarra, en ruta de Odesa a Riga, estaba sendo remolcada polo 'West', un barco de 40 metros con bandeira das Antillas holandesas e seis tripulantes a bordo."
Fonte: http://www.laopinioncoruna.es/galicia/2014/01/14/gabarraembarranca-playa-camarinas/801463.html

Web: www.flickr.com/photos/tonovila
500px.com/tonovila
Email: joseantoniovila1@hotmail.com

Veiras Manteiga

Sesta Compostelá

Acrílico / Lenzo
92 x 81 cm
2014

Veiras Manteiga ou a creatividade múltiple
"....O expresionismo, ou o neoexpresionaismo é unha constante na arte figurativa dos nosos días, unha expresión de liña grosa e pincelada rápida que crea un certo estatismo e, contra todo prognóstico, inexpresión nas faces; o expresionismo como signo de época sorprendida na que só podemos mostrar os xestos froito da nosa necesidade e expresarnos. Este xeito de liña case de vidreira atravesa o lenzo afirmándose; cada golpe de cor convértese nun sumando imprescindible na creación da obra que nos fala directamente do proceso e do resultado...."

Pilar Sampedro

Email: veirasluis@yahoo.es
Móbil: 696 088 054

Verónica Leis

Dende os xirasoles

Díptico, acrílico sobre lenzo
50 x 46 cm/ud.
2014

[Estou moi satisfeito de min mesmo.
Eu era un ser seco, túzaro e solitario que envexaba dos outros a súa alegría. Pero rectifiquei. Custoume moito adquirir compañía e cara alegre.
E así gustei daqueles doces bens que envexaba aos outros: amizade, muller, fillos e o éxito nos negocios. Un chega a obter o que desexa se de veras se esforza en conseguilo. A insistencia é a clave do acerto. A pedra que se encima persistente sobre as súas compañeiras de sendeiro, logrará que tropece alguén nela.
Estou moi satisfeito de min mesmo pois sei rectificar. E comprobado que amigos, muller, fillos e negocios sempre me molestaban e agobiaban, deixeinos sen aviso e sen reparos. E volvín con alivio ao meu eu xove, ao meu ser seco, túzaro e solitario.
E estou moi satisfeito de min mesmo.]

José María Fonollosa

Email: veronicaleis@gmail.com

Virginia González Pouso

Dante

Fotografía. Cámara Fujifilm X20
65 x 65 cm

"Á metade do camiño da vida nunha selva escura encontrábame porque a miña ruta extraviara.
Eu non sei repetir como entrei nela, pois tan durmido me achaba no instante que abandonei a senda verdadeira."

Dante Alighieri. *A Divina Comedia*

Email: virginiagpouso@gmail.com

Xan Santos

Frecuencia Binaural (70hz)

Fotografía dixital sobre cartón pluma
100 x 100 cm
2012

Licenciado en Belas Artes (2012)
Diplomado en Conservación e Restauración de Bens Culturais (2004)
Técnico Superior en Artes Plásticas e Deseño (2001).
O "*Teorema das dimensións interpenetrantes*"**;** di que máis aló do Cosmos coñecido, hai un desdobramento no que existe un Universo en si mesmo.
" *Realidades alternativas*", "*mundos paralelos*", "*universos infinitos*", "*multiversos*"... Estas teorías físicas espertan a nosa curiosidade, e avivan a nosa imaxinación. O asombro que sentimos ante o descoñecido e oculto proxecta no noso inconsciente unha sorte de vibrantes imaxes intanxibles; aberracións mentais que se nos antollan pulsións e reflexos dese "algo máis" que nos é privado.

Email: xansantos@hotmail.com

Xerardo Crusat

Croix

Óleo sobre cartón
130 x 176 cm
2012

É este un traballo ascético, polo menos canto refire ideas sobre as liñas e as cores, elementos capitais nas discusións de arte. Só esa condición de ser óleo dálle certo risco de importancia que vai estragarse despois polo despreciable do seu soporte.
Aínda que está pintado cunha dignidade eremítica ao que se lle supón unha certa dose de sosego leva tamén apegada a calidade última do tedio, termo este de gran inquietude e ben coñecido de todos os artistas, ou de case que todos, pero que tantas veces nos leva á reflexión ou á disconformidade nestes tempos nos que a desesperanza nos anda a mallar. Velaí que comezamos a entrar na razón da existencia desta CROIX, nome que para máis leria vén derivado de cruz sen ter ningunha calidade relixiosa. Esta Croix que xa entrenara noutros formatos dábame a oportunidade de pór en solfa outra vez a sombra e a luz, sen que tivese que pintalas. A sombra, a luz, o negro, o branco ... a dualidade de toda natureza. Pero estas verbas, tan capaces de seren grandes tamén o son de seren diferentes, medio distintas, asegún como lle cadre a dirección da luz que rebote nos pelexos que constitúen a pel da obra. Cambiarán coas orixes da luz ou a intensidade dos focos, coa lentitude ou non do noso pasar polo seu diante e sempre serán luces e sombras que endexamais foron pintadas. Ata se moverán.

Email: naghasin@hotmail.com



Xoán Fernández

Sen título

Óleo sobre táboa
120 x 95 cm
2013

Xoán Fernández, Riberia (1938), participou en numerosas exposicións individuais e colectivas en Alemaña, Holanda, Bélxica, Madrid e Galicia.
Consérvanse obras súas en diversas institucións (Universidade de Santiago, Concello de Santiago, Casa de España, en Utrecht, Casa de España en Amberes, Museo Valle-Inclán en Pobra do Caramiñal, Centro Galego de Barcelona, etc.), e coleccións privadas en Amsterdam, Bruxelas, Madrid, Santiago, Vigo, Pobra do Caramiñal, Ribeira, etc.
¨En la obra de Xoán Fernández la apropiación de la objetividad para crear mensajes, en los que el espectador tiene que llegar a calibrar su significado, es inseparable del tratamiento suave del color y del refinamiento de la luz¨.

Mercedes Rozas

Email: xoanfdez@hotmail.com
Móbil: 666 337 982

Olegario Sampedro

Referencia arquivo: I-VIII,2014

Colección: Fe. Instantánea tomada en interior con luz natural. Boiro (A Coruña). Nikon D50. Tintas: Ecosolmax Inject. Papel: Skylight 200 mg
37,5 x 60 cm
2014

Nado en 1964 en Ribeira.
Por pila e por vocación son ribeirense.
Tomo terra na fotografía por neta casualidade vital. Non amago nin pretendo ser profesional. Quizais sempre sexa afeccionado. Sen ataduras e coma un amante prohibido.
Cando obteño a imaxe que quero –ou ela a min– son pleno. O meu reforzo é esa mesma foto, non outra. Xa non me pertence, empeza a vivir. Se queda cerca, se marcha, se aparece nun libro ou nun cartaz.... xa pouco se deberá ao meu azar.
Tento coñecer todas as fotografías que son capaz. Fágoo por pracer, con reverencia e con respecto. Pero, sobre todo, con humildade: o día que me atafeguen os traballos alleos estarei seco, estéril, morto.
Mentres, sigo vivindo. Sigo gozando.

Email: olesam@edu.xunta.es

María Regueira

Madre

Acrílico sobre taboleiro de dm
60x80 cm

María José Regueira Martínez nace en Santa Uxía de Ribeira en 1975. Desde cativa sente unha grande atracción polas artes plásticas, polo que dedicou gran parte do seu tempo á reprodución de obras, empregando distintas técnicas. Comeza o seu desenvolvemento artístico de xeito autodidacta e práctico.
Dende o ano 2010 amosa predilección polos temas relacionados cos sentimentos e as emocións, tocando de preto a maternidade.
No verán de 2013 inicia a súa andaina dentro do mundo artístico influenciada e motivada por artistas pertencentes á zona do Barbanza.

Email: cachudita@gmail.com

Aldara Ventoso García

Desconexión

Colar realizado en prata de 925 mm
Técnicas artesanais, solado, laminado ...

Inspirado na forma tradicional dos torques celtas, adornos que consistían en fío enroscado e extremos abertos.
Aldara Ventoso García, Ribeira 1981. Técnica en procedementos de xoiaría artística pola Escola Mestre Mateo e Diplomatura en Xoiaría, Engaste e Deseño na Escola de Xoiaría do Atlántico.Vigo.
"Se enredó el pensamiento en sí mismo y de su enredo salió un anillo".
Dende pequena gústanme os obxectos pequenos que convidan a soñar. Obxectos que se poden tocar, manipular, poñer e levar enriba. Este sentimento levoume ao mundo da xoiaría. Atraída tamén polos misteriosos encantos do traballo do metal e as súas múltiples transformacións, dende a frialdade e a durame ata o acabado final. A xoiaría contemporánea xa non se limita ás pezas clásicas ás que estamos acostumados, senón que explora novos mundos e convértese nunha canle de expresión que vincula a persoa coa idea ou significado, xunguindo nunha relación íntima o obxecto e o portador. A xoiaría artística é máis libre, o autor pode expresarse a través da materia. Representa emocións e escenas de hoxe en día a través das técnicas tradicionais e artesanais.

Email: aldaruxa@hotmail.com

BarbantiaRte

Datas: do **22 de novembro 2014** ao **31 de xaneiro 2015**

Horario: martes a sábado de 10:30 a 13:30 e de 16:00 a 19:00

festivos de 16:30 a 19:30

CONCELLO DE RIVEIRA

Deputación DA CORUÑA

XUNTA DE GALICIA

barbantia

Asociación Cultural Barbantia
Centro Social . Rúa Principal, nº 77 - 4º andar
15930 Boiro . Tlf: 981 842 635
www.barbantia.org . www.barbantia.es
@barbantia Asociación Cultural Barbantia

Fundación Museo de Artes

Artes - Lugar de Outeiro s/n 15969 · Ribeira - A Coruña
Tel.: 981 871 342
fundartes@gmail.com . www.facebook.com/museodeartes
www.riveira.es/museodeartes